

a análise, entre o compartimentativo, xorden reflexións ntes. Pensemos, por exemplo que ten a burguesía lonesa na Renaixença e cal se realizou pola burguesía (e feble) ou fidalguía (e pero poderosa) galegas. Outro caso, a diverxencias lingüísticas no tránsito do XVIII ao XIX: por un lado, catalán en sermones, cartas actos académicos... e a dezena de galego en todo uso agás contadas excepcións. Típico, a influencia do Rexurdimento da poesía rosaliana en progresistas como Víctor Balaguer illado e distante ideologicamente doutros colegas catalanes.

Definitivamente, cremos que este resultado será útil para os estudos galegos centrados no século XIX, unha vez máis, volvemos reivindicar o necesario diálogo intelectual entre ambas as vertentes: como fórmula dun mellor entendemento como pobos con seu (repasemos, por exemplo, os colaboradores deste volumen escrito ou publicado en galego ou cantos galegos publicado en revistas especializadas) e como escenarios comúns en liñas de investigación material académico (e non, unha vez máis, para unha maior atención das González-Millán ou Figueroa ao século XIX, verdadeiramente suscetivas).

Amada, outra vez, queda agradeceña Martínez González

## Crise ecológica e crise de progreso


ÁNGELES O ROBOTS. LA INTERIORIDAD HUMANA EN LA SOCIEDAD HIPERTECNOLÓGICA

JORDI PIGEM

Fragmenta Editorial | 2018 | 208 páginas

Jordi Pigem (1964) é un filósofo catalán independente e crítico, cualificado como un dos más lúcidos, que colabora habitualmente en diversos medios de comunicación en catalán, castelán e inglés, e que ten xa unha relevante obra publicada, con boa acollida de público e crítica, como manifestan as reediciones de algúns das súas obras e os premios recibidos: Premio de Filosofía do Institut d'Estudis Catalans (1999) por un dos seus primeiros libros: *El pensament de Raimon Panikkar* (Barcelona 2007, 2001<sup>2</sup>), tese en Filosofía sobre o pensador catalán, co que colaborou varios anos de secretario e logo coordinou os primeiros volumes da edición catalán da súa *Opera Omnia* (Fragmenta); Premio de Ensaio de Resurgence & Scientific and Medical Network (2006); e Premio de Ensaio Joan Maragall (2016) pola versión catalán do libro que presentamos (2017).

Ademais, publicou outros ensaios na liña de compromiso co humanismo e o ecoloxismo. Foi director da revista *Integral* entre 1989 e 1992, e coordinou as publicacións *Nueva conciencia: plenitud personal y equilibrio planetario para el siglo XXI* (*Integral*, 1991) e *El somriure diví* (Icaria, 2008). Tamén publicaría en Kairós: *La odisea de Occidente* (1994), *Buena crisis. Hacia un mundo postmaterialista* (2010<sup>2</sup>), *GPS (global personal social): Valores para un mundo en transformación* (2011), *La nueva realidad. Del economicismo a la conciencia* (2013) e *Inteligencia vital. Una visión postmaterialista de la vida y la conciencia* (2016). Fixen hai anos a recensión dalgúns deles: *Buena crisis e GPS (global personal social)* (*Encrucillada* 173, 2011); dicía alí que eran uns magníficos ensaios



cunha aposta clara, esperanzadora e valente, en perspectiva holística e espiritual.

*Ángeles o robots* é un texto lúcido, ao mesmo tempo crítico e esperanzado, que segue na mesma liña de compromiso con esoutro mundo posible, alén do cientifismo e o tecnocentrismo deshumanizador que leva ao colapso ecológico, social e persoal. O último libro de Pigem é unha reflexión sobre a condición humana contemporánea baixo o impacto da crise ecológica e a crise do progreso.

Como o autor sinala, o libro parte da perspectiva da encíclica *Laudato si* de Francisco: "Encontré en ella una honestidad y un coraje que se pueden resumir en su invitación a mirar la realidad con sinceridad". Xunto coa análise e as propostas de diversos filósofos contemporáneos: Guardini e Panikkar en primeiro lugar; pero tamén Heidegger, Horkheimer, Ricoeur, Ivan Illich, Dreyfus, Taylor... o musulmán Hossein Nasr e o chinés Byung-Chul Han; e outros autores occidentais, como o psicólogo Goleman, o sociólogo Bauman, o historiador da tecnoloxía Mumford, a icona da cultura dixital Jaron Lanier —pionero que acuñou a expresión *realidade virtual* e que se volveu logo contra os seus efectos no seu ensaio *Contra el rebaño digital*—, Donella Meadows —autora do informe referencial *Os límites do crecimiento*—, o bioquímico Erwin Chargaff, Sergei Laouche... Autores que lle dan seriedade científica

fica ao libro. Tamén ten presente as tradicións espirituais occidentais (Francisco de Asís ou Mestre Eckhart), orientais (a hinduista e a budista) e dos pobos indíxenas.

Comeza co capítulo "Ver a situación sen precedentes" en que estamos: 1) "Mirar a realidade con sinceridade", para ver que estamos "ao bordo do desastre" (Guardini), a humanidade "corre o perigo de auto-destruirse pola nosa cobiza e estupidez" (Hawking). 2) Ver que esta é a fin dunha era e a necesidade de transformación. 3) Isto esixe superar a fragmentación do coñecemento (Panikkar), pois toda a realidade está entrelazada. 3) E superar o autoengano e a negación da evidencia en que estamos polo "fundamentalismo do crecemento económico" (Bauman).

O capítulo II, "Homo absortus: tecnoutopías e espellismos" é un dos más interesantes e orixinais, con oito espellismos da sociedade actual: 1) O espellismo *continuista*, do imposible crecemento ilimitado e a "órxa do consumismo" (Bauman). 2) O espellismo da *aceleración*, "as presás que nos baleiran" (Guardini). 3) O espellismo *consumista*, o "pecado do consumismo" (Panikkar); a insostible ostentación afoga o "berro da terra e o berros dos pobres" (Boff). 4) O espellismo da *seguridade*; a moderna obsesión pola seguridade en todos os ámbitos da vida e o coñecemento revela a perda da confianza na realidade. 5) O espellismo *dataista*, que confía na acumulación de datos para coñecer a realidade; o "totalitarismo cibernetico" (Lanier) vén ser un "nihilismo cognitivo" fillo do baleiro existencial. 6) O espellismo da *hipermobilización*, que erosiona a nosa atención (Goleman) e deteriora a nosa vida interior; pasamos do *Homo sapiens* (que pensa) ao *Homo absortus* (distraído, absorto nas pantallas). 7) O espellismo *tecnotópico*, que aumenta a nosa alienación ao deixarnos colonizar polas máquinas. 7) O espellismo do *progreso materialista*, "mito moderno do progreso material ilimitado" (*Laudato si'*), non espiritual, que *desnaturaliza* os seres humanos.

O capítulo III fala de "A condición humana baixo o paradigma tecnocrático": 1) A solución non é tecnolóxica, que avalía todo en termos non humanos, de rendibilidade a nivel económico, político e social; é a *reificación* da realidade (reducila a obxectos). 2) Control, dominio e posesión; Tolkien di xa a mediados do século XX que a tecnoloxía é un *bulldozing the real world* ('aplanador violento do mundo real') que nos escraviza. 3) O empobrecemento da experiencia, pois o paradigma tecnocrático é incompatible coa interioridade humana. 4) Tecnocracia contra transcendencia, pois ambas exclúense mutuamente; a primeira pretende erixir como verdadeiro Absoluto, cando os humanos somos incompletos e continxentes, estamos sempre en camiño cara á plenitude, a salvación, o espertar (*buddha*). Internet non é Deus.

O IV invita a camiñar cara a unha "Plena participación na realidade". 1) Recoñecer que a orixe das crises exteriores ten sempre unha orixe interior; por iso, necesitamos unha fonda transformación, unha revolución cultural, ética e espiritual. 2) Ver o consumismo coma o que é: a expresión dun baleiro existencial, necesitamos reencantar un mundo desencantado (Ritzer). 3) A perda da participación do ser humano no que lle da senso a existencia empezou xa a mediados do século XIII, coa "destrucción da confianza nunha estrutura de orde cósmico" (Blumenberg) e tres presupostos que foron abrindose até impoñerse: a base da realidade é a materia, a realidade é externa a nosa conciencia, a mente humana é estritamente individual; presupostos que nos converten en simples espectadores do mundo, pero que criticou a *perenneis philosophia* e que hoxe están cada vez máis cuestionados (Pigen desenvolve argumentos desde a mesma ciencia). 5) Recuperar a dignidade humana, cuestionada polo positivismo, o materialismo e os posthumanismos; temos que volver á tradición espiritual e sapiencial. 6) Reatopar a fonte, a "forza creativa sustentadora, xa sexa en forma de Divindade" ou de "Fonte de toda a

vida" (Gardner), a plena participación en Deus ou en algo que está "alén de Deus" (Eckhart). 7) Reintegrar a realidade; todo está relacionado e conectado.

O libro remata co Epílogo "tres revelacións nos límites": 1) A revelación *perifísica* (límites da materia); a nova física dinos que a base da realidade non está na materia senón na conciencia e na percepción (Schrödinger). 2) A revelación *perigaiiana* (límites da terra); somos parte da Terra. 3) A revelación *periobiótica* (límites da vida); superar o medo á morte pois esta non ten a derradeira palabra e a conciencia é unha realidade máis fundamental que a materia; fálase non desde a doutrina dos mestres espirituais, senón desde os estudos científicos das "experiencias achegadas á morte".

A pesar do pesimista realista da análise da actual sociedade, Pigen remata o seu libro con optimismo: "O camiño cara a un mundo novo está aberto" ■ **Victorino Pérez Prieto**